

PETER PAN, LOUZAN

Ala polo ano 1983 o Dr. Dan Riley, baseándose na personaxe creada anos atrás por James M. Barrie, denominou como “síndrome ou complexo de Peter Pan” o medo que algunhas persoas teñen a medrar, manifestado esencialmente na incapacidade para entender o alcance real do termo responsabilidade, e xa que logo, a imposibilidade de asumir tal.

Non ofrece dúbida da presenza deste síndrome na nosa sociedade e por ende tamén na crase política, ata extremos que por algúns lares ben poderían cualificarse como de epidemia. Este é o caso do aínda hoxe Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e á sazón Presidente do PP na devandita circunscrición administrativa. E digo que tanto este individuo como as persoas que o rodean deben padecer este síndrome de Peter Pan, porque só deste xeito podería entenderse –que non xustificarse- que sigan a ostentar tan relevantes cargos.

Hai uns meses púxose de manifesto o peculiar éxito empresarial dun estreito e achegado colaborador do Sr. Louzan, empregado de confianza seu na deputación de Pontevedra. Éxito empresarial debido ao importante volume de contratación que as súas empresas mantiñan coa Deputación de Pontevedra. O desprestixio que tales feito provocaron na Institución Local, a sombra de nepotismo e as irregularidades administrativas que rodearon ás informacións deixaron impasíbel ao Sr. Louzán.

Máis recentemente o Sr. Louzán protagonizou un dous máis abafantes espectáculos na recentemente vivida campaña electoral ao esixir a fotocopia do pasaporte para poder acceder a un xantar no que participaba na súa condición de Presidente da Deputación Provincial. Folga sinalar que a obtención da copia do pasaporte unido ás escasas garantías que, por obra e gracia do PP e do PSOE, concorren no voto dos residentes do exterior- podería permitir mesmo a suplantación da persoa no exercicio do dereito de sufraxio. Denunciado este antidemocrático comportamento a actitude dos “amigos” do Sr. Louzán non foi de desistir dos seus propósitos, senón por en evidencia –e en perigo- ao denunciante, facilitando aos comensais a identidade do mesmo e o centro galego no que se relacionaba. Deixándoo a mercé de calquera exaltado. Ningún atisbo de remorsos ou de arrepentimento no Sr. Louzán.

Hai uns semáns o Tribunal de Contas desvelaba a existencia de irregularidades nas percepcións que, con exceso, recibía o tenente alcalde do concello de Ribadumia –Sr. Louzán Abal-. No colmen –por se non estivera colmatada a súa escalada de despropósitos- vense de coñecer que varios cidadáns e cidadás de diferentes concellos de Pontevedra foron candidatos e candidatas, sen coñecelo e sen desexalo, polo Partido Popular en municipios de Euskadi. O Sr. Louzán –Presidente do Partido Popular na provincia de Pontevedra- declarouse iñorante e non responsábel do acontecido.

Tal conxunto de feitos obxectivos e probados sen que os alomenos o alcumado responsábel da Deputación Provincial de Pontevedra e do PP nesa demarcación administrativa asuma ningún tipo de culpa, soborda da torpeza

política e da falla de respecto á democracia e ás institucións ou á cidadanía, son síntoma dun problema maior, talvez, dun síndrome que debería implicar a declaración da incapacidade para a súa profesión habitual.